

Constituír unha empresa sobre a base do cooperativismo

- As cooperativas, unha forma xurídica cada vez máis numerosa en Galicia.
- Os peixes pequenos unidos poden comer ó grande

Melide-Coristanco, 30 de maio de 2014

Esta semana os rapaces de “Aval Xóvenes” a través Purificación Alfonso Riveiro da Rede EUSUMO coñeceron o que son as cooperativas, os tipos e perfís das persoas que a forman, os trámites e recomendacións, as claves do seu funcionamento, e, por último, o que é e para que serve a Rede Eusumo. Así como varias iniciativas cooperativistas da zona (Milhulloa, Xesforest, Xanela e Nova Aseconia) que aínda ten curta traxectoria pero que están funcionando con éxito. Purificación en todo momento se mostrou aberta a que os rapaces participaran e preguntasen todas aquelas dúbidas que puideran ter con respecto a esta forma de organización de empresa e ante todo, e grazas a súa experiencia como socia dunha cooperativa, mostroulles as vantaxes e os posibles inconvenientes que teñen as cooperativas.

De forma amena á vez que interactiva aos mozos quedáronlles claros cales son os principios cooperativos, o funcionamento das cooperativas e cales son os principais trámites a realizar a hora de constituír esta forma xurídica. Ademais, puideron coñecer cales son os incentivos para este tipo de organización e as axudas públicas que anualmente se aproban para potenciar e apoiar as cooperativas. Para este ano, a Consellería de Traballo e Benestar, a través da orde do 21 de febreiro de 2014, outorgou un orzamento de 1.835.000 € repartido en cinco programas: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, fomento do acceso á condición de socio, fomento de procesos empresariais e asistencia técnica, promoción de cooperativas xuvenís, e, por último, intercooperación e integración cooperativa.

“Antes de facer nada é necesario informarse ben e en varios sitios. Antes de dar un paso o primeiro e consultalo” este foi un dos consellos que ofreceu Purificación e que máis aceptación tivo por parte dos participantes. A lectura que se pode sacar desta xornada que cooperando con outros pódese chegar a lugares aos que un só e incapaz de chegar. Cando se xuntan varias persoas a suma do que se aporta é maior : máis capacidade de traballo e de inversión. A idea é cambiar a premisa de que o peixe grande come ó pequeno para que os peixes pequenos unidos coman ó grande.

“Ir xuntos é comezar. Manterse xuntos é progresar. Traballar xuntos é triunfar”.
Henry Ford